

CENTRO DE ATENCIÓN

Vigo

Rúa Teixugueiras, nº 15, baixo
36212 Navia - Vigo
T 607 20 40 39 - 986 281 893

www.cogami.gal



COGAMI



NEURORREHABILITACIÓN

infantil e adulta

Promovemos o traballo en equipo dende diferentes disciplinas para poder realizar unha abordaxe integral da persoa.

ABORDAXE INTEGRAL DA PERSOA

Somos un equipo multidisciplinar especializado na intervención en persoas con discapacidade.

As/os distintos profesionais valoran, dende a súa área, e poñen en común obxectivos e propostas para levar a cabo un tratamento o máis completo posible.

Tras un dano neurolóxico, son moitas as áreas a nivel cerebral que se verán afectadas. Por iso, realizamos unha valoración global previa, marcando obxectivos reais e factibles para, posteriormente, afrontar un tratamento o máis especializado posible.

Ademais, temos moi en conta a importancia da familia no proceso de adaptación á nova situación da persoa. Por esta razón ofrecemos asesoramento individualizado e personalizado, realizando unha análise da contorna e das adaptacións que se poidan realizar cara ao acompañamento da persoa e a súa familia.

SERVIZOS

Fisioterapia Neurolóxica

Dende un enfoque centrado na persoa, promovemos as súas capacidades e **habilitamos ao máximo a funcionalidade**. Empregamos distintas técnicas (**Concepto Bobath, Terapia Vojta, Método Perfetti**, entre outras) para conseguir melloras.

Terapia manual

Orientada ao tratamento de doenzas de tipo músculo-esquelético e ósteo-articular, procesos dolorosos agudos e crónicos coa finalidade de **restituir as funcións**.

Terapia ocupacional

Dende o *enfoque e modelo canadense de intervención*, buscamos centrar a intervención na persoa e en todas as áreas do desempeño ocupacional que a constitúen. O terapeuta ocupacional, promove a independencia e a **máxima autonomía na vida diaria das persoas tras un dano neurolóxico**. Intervén tanto a nivel físico, social ou cognitivo na procura da reinserción e a recuperación da persoa.

Intervención en pediatría e atención temperá

Atendemos de forma integral a nenos e nenos que presentan algunha discapacidade, dificultade ou alteración no seu desenvolvemento, a través da fisioterapia, rehabilitación na linguaxe ou terapia ocupacional. **Orientada a nenos/os e lactantes con alteracións de tipo motorico, sensorial e ortopédico**. PBO, torticolis conxénita, prematuridade, síndrome de parálise cerebral infantil, etc.

- **Concepto Bobath**. Baseado en conceptos de control motor, aprendizaxe motor, plasticidade neural e muscular.

- **Terapia Vojta**. Estimulación de puntos reflexos que desencadean respostas motoras innatas para promover o movemento e a recuperación funcional da nena/o.

- **Integración sensorial**. Orientada a nenos e nenos con dificultades no procesamento sensorial. Con este tipo de intervención incidimos no Sistema Nervioso Central para procesar a información coa intensidade axeitada dos estímulos que reciben do seu corpo e contorna.